

**Federación de Servizos****A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA
SEGURIDADE PRIVADA**

O pasado 14 e 16 de xullo, celebráronse as derradeiras reunións da mesa negociadora do convenio en Madrid, onde a patronal reiterou a proposta realizada en xaneiro sen ningunha modificación significativa, en todo caso a valoración que facemos dende a CIG é que neste intre aínda é peor, e polo cal naquel intre os sindicatos presentes na mesa presentamos unha proposta unitaria que nos xa considerabamos de mínimos para comezar a negociar.

Como expresamos nun anterior comunicado, onde puñamos de manifesto as nosas dúbidas co devir dos acontecementos dende a última mobilización realizada en abril, a partir da cal os sindicatos estatais desapareceron da acción sindical dando sempre a calada por resposta, nas ocasións en que se lle propuxo realizar calquera presión sindical, o que nos alertou de que existía algún movemento na procura dalgún apaño que non incomodara

demasiado a patronal. Isto púxose en evidencia nestas ultimas reunións onde UGT e USO consideraron a proposta empresarial, como un avance en canto a situación do salario e un inicio da negociación, realizando unha proposta con escaso contido, que non recolle as principais demandas dos traballadores do sector, pero que si da saída as principais preocupacións da parte empresarial, rebaixando as demandas da proposta unitaria realizada na reunión de xaneiro, co que rompen a unidade de acción entrándolle ao xogo da patronal en detrimento dos intereses dos traballadores e traballadoras.

Dende a CIG imos a seguir defendendo os puntos de mínimos que estaban refrexados na acta de xaneiro, que estaban contemplados na nosa plataforma presentada na mesa, por certo que segue sendo a única plataforma presentada na mesa de negociación. Hai que buscar unha saída ao conflito das horas extras e esta non se resolve cunha conxelación salarial, como pretenden algúns.

A realidade nos demostra a inutilidade en pelexar por un Convenio Estatal no cal sindicatos como UGT e USO o único que defenden son os seus propios intereses e non os da clase traballadora. Dende a CIG entendemos que a resposta téñena os de sempre. Está claro que estes sindicatos, que levan asinando o Convenio nos últimos anos, teñen medo, teñen medo da patronal, non se fían da capacidade de mobilización dos vixiantes, e non deben querer perder a súa posición de sindicatos de “confianza” da patronal.

Unha vez máis, a realidade nos demostra a inutilidade en pelexar por un Convenio Estatal, a CIG estará loitando até o final, como sempre facemos, pero iniciaremos a nosa loita, aínda que sexa en solitario (que non é o que queremos), por un Convenio Galego Digno e con Dereitos da Seguridade Privada.